



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 27 DE SETEMBRO DE 2023

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL
JESUS ROMERO CARRACELAS
ISMAEL DURAN BEREJO
LUCIA PICOS ANEIROS
XULIO CRIBEIRO GARCIA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
OLGA IGLESIAS BEREJO
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
NOEL LOPEZ LOPEZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

AUSENTES:

Escusa a súa asistencia a Concelleira:
MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:01 horas do día 27 de setembro de 2023, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE DATA 27.07.2023

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión de data 27.07.2023.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de data 27.07.2023, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.



2. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN POS+ADICIONAL 2/2023 -GASTOS CORRENTES- POR MAIOR ACHEGA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 22 de setembro de 2023, que di:

“Vista a Proposta de Alcaldía de data 28.08.2023, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN POS+ADICIONAL 2/2023 -GASTOS CORRENTES- POR MAIOR ACHEGA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Con data de xuño de 2023 recibíuse do Servizo de Xestión de Plans da Excma. Deputación Provincial unha circular sobre a elaboración do POS+ADIC 2/2023 para gasto corrente e investimentos financeiramente sostíbeis por maior achega da Deputación., e corresponde ao Concello de Cedeira a cantidade de 408.599,84 €.

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 341/2023 de 7 de xullo foi solicitada a participación no POS+ADICIONAL 2/2023, e foron incluídos investimentos financeiramente sostíbeis incluídos no Plan complementario ao POS+2023 polo importe total de 334.899,00 €.

Na segunda fase deste POS+ADICIONAL 2/2023 o Concello pretende incluír o importe restante non aplicado a investimentos, a gastos correntes de servizos públicos obrigatorios devengados no ano 2023.

Por isto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2023” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	73.700,84

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible	Total concello	
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	73.700,84				73.700,84
TOTAL	73.700,84				73.700,84



2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar a devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o debate, non se producen intervencións.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. MOCIÓN: SOLUCIÓN PARA O PROBLEMA DO AMIANTO EN EDIFICIOS E PROPIEDADES NO CONCELLO DE CEDEIRA

O Sr. Alcalde da a palabra a un dos membros da Asociación Lugares Comúns, Marc, para que lea a moción, a cal foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Plenos de data 22 de setembro de 2023:

“**Motivos:** O amianto foi prohibido en España, tanto o seu uso como a súa fabricación e comercialización no ano 2002, trala Orde ministerial do 7 de Decembro de 2001, pola que se modifica o anexo I do Real Decreto 1406/1989, do 10 de Novembro, sobre limitacións e comercialización de certas sustancias perigosas. O amianto é un perigoso carcinóxeno que causa principalmente mesothelioma e cancro de pulmón. A pesar diso, tódalas uralitas que estaban instaladas no momento da prohibición, podían quedar colocadas ata o fin da súa vida útil, é dicir, entre 20 e 25 anos despois da súa instalación, ou cando estivesen moi deterioradas. Iso quere dicir que a uralita que aínda está instalada, no mellor dos casos ten 22 anos e xa está a deteriorarse liberando partículas nocivas de amianto, aínda que na maior parte dos casos a uralita é moito máis antiga e está moi deteriorada. Moitas edificacións tanto no Concello de Cedeira como en toda Galicia conteñen altos niveis de amianto en forma de uralita. O amianto causa un risco sanitario na xente que vive na súa proximidade e para calquera que o manipule sen as necesarias medidas de protección.

”



Os servizos de retirada en Galicia están a cargo de empresas privadas que cobran elevados prezos por metro cadrado. A maior parte da xente non pode asumir o custo desta retirada e resulta habitual que, ante a dificultade para pagar cantidades desorbitadas haxa xente que non queira e/ou non poda pagar polo servizo. Estas persoas retiran elas mesmas a uralita sen medidas de protección e túrana onde cadre ou entérrana na súa propiedade. Aínda que hai algunhas subvencións o proceso é complicado e mediado polas mesmas empresas privadas. Seguramente non todo o mundo é consciente do perigo do amianto, e ademais moita xente non está en situación de pagar pola súa retirada e substitución por material axeitado. A día de hoxe non hai axudas específicas para a retirada do amianto e as axudas que poderían estar relacionadas como as que se refiren á mellora da estrutura e da eficiencia enerxética cubren unha mínima parte do gasto que supón.

A presenza do amianto nos fogares constitúe un grave risco de saúde pública que precisa ser atendido. Tamén infrinxe a normativa estatal e europea. Esta situación resulta obviamente insostible. Un plan público para axudar á xente a retirar e substituír o amianto das súas propiedades é necesario e urgente.

A presenza xeralizada de amianto nas propiedades da contorna non é responsabilidade dos propietarios, que non deben ser penalizados por este desastre sanitario público. Ademais o plan de retirada e renovación debería ser suficientemente áxil para que o proceso se realizase coa máxima rapidez, co obxectivo de que ningunha propiedade quedara sen tellado. Tamén sería importante que o diñeiro necesario para o gasto fose adiantado e non que a axuda se recibira unha vez aprobada a obra. Sen a disposición deste fondo previo á obra seguramente a maior parte dos propietarios preferirán seguir xestionando estes residuos de xeito inseguro, expoñéndose eles mesmos ao risco de contaminación e expoñendo tamén ao resto.

Solicitud:

Desde a Asociación Lugares Comúns pedimos aos tres partidos políticos que forman o Goberno Municipal de Cedeira e que teñen representación a nivel autonómico, que transmitan o problema e leven este asunto a debate no Parlamento Galego coa finalidade de buscar solución inmediata.

Solicitamos con urxencia o desenvolvemento dun plan público que cubra o custo da retirada segura e subvencione a substitución dos materiais de uralita con amianto que continúan a formar parte de tellados, baixantes etc., de xeito que alivie a inversión que habería que facer e anime a retirar este material de xeito seguro. Xa que este asunto supón unha crise sanitaria en todo o territorio galego, o custo imposto polas empresas privadas que realizan a retirada do amianto debería ser dalgún xeito asumido pola Administración Pública.”

Aberto o turno de intervencións, Marc di: Paréceme un gran problema. Existen empresas privadas que ofrecen o servizo, pero o problema está aí, é unha pandemia de amianto. Todas as aldeas e en todas as zonas do concello practicamente. E segundo o que vexo non hai solución, nin ningún progreso.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Vives aquí?

Marc di: Si.

A Sra. Iglesias Bereijo di: En que zona?

Marc di: No Formigueiro.

O Sr. Alcalde di: Na última casa que hai no Formigueiro a man dereita, indo para San Andrés. Plantaron o ano pasado unhas 500 árbores autóctonas nunha propiedade del.



A Sra. Iglesias Bereijo di: Felicítate polo galego que o falas mellor ca min.

O Sr. Cribreiro García di: Sabes a canto está o m² pola retirada por parte dunha empresa?

Marc di: Realmente non teño o prezo. Témolo que verificar, pero parecenos moi elevado.

O Sr. Cribreiro García di: Cónstame que a xente fala de que é moi custoso. A verdade é que é un grave problema sanitario.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Estou totalmente de acordo con Marc, coa Asociación de Lugares Comúns e con Xulio. Eu disto soamente sei a nivel profesional de traballadores, non sei a nivel de cidadáns. O que si vos podó dicir, dende o punto de vista profesional, é que a solución da retirada do amianto de Galicia é imposible economicamente. Supera en moito o presuposto que poda ter a Xunta porque iso teno que facer unha empresa inscrita no RERA (Rexistro de Empresas con Risco de Amianto) e cobran unha fortuna porque teñen que ter un material especial, precisan unha caravana, precisan xente especializada con cursos feitos, con roupa desechable, etc logo hai que empacalo dunha determinada forma e levalo a determinados sitios cada unha das tellas de uralita e levalas a un espacio, digamos “inerte”, no que poidan estar. O valor límite para retirar as fibras de amianto é do 0,1 por cm³ é o risco máis baixo que hai en todos os riscos hixiénicos, dentro do mundo do traballo, o máis baixo. Por qué? Porque o amianto, como ben sabes, provoca unhas fibrosis pulmonares terroríficas irreversibles. O que di Marc é verdade. Hai unha situación que é tremendamente perigosa. Eu acórdome cando estaba no Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral que levábase este tipo de cousas, unha vez preguntáronnos os sindicatos e os empresarios nunha reunión canto custaba quitar o amianto de Galicia nun ano e non chegaba nin ao 2% e segundo todos os técnicos, non é solo cousa dos galegos, nin dos españois, nin dos portugueses. Os americanos, que son os que máis experiencia teñen disto, din que a uralita como mellor está é colocada porque mentres está colocada non se manipula que é cando se soltan máis fibras. Eu falo dende o punto de vista laboral, non estou falando das circunstancias persoais de cada un. Falo dos traballadores, do risco que hai para os manipuladores de amianto. O decreto é o 396 do 2006, mira se é importante o tema do amianto que non o levan as empresas, lévao directamente Inspección de traballo, é unha cousa seria. O problema está na manipulación. Ten razón Marc que a medida que van pasando os anos, as cubertas vanse desfecendo e van liberando fibras, evidentemente, pero a manipulación por persoas non expertas implica un risco enorme. Temos aquí o exemplo de Ferrol onde se usou o amianto como illante calórico, sobre todo. Por certo, foi un inglés o que detectou o amianto en España nun viaxe en tren que lle caeu o polvo encima e non sabía o que era, colleu un pouco e ó analizalo era amianto. Antes os vagóns españois levaban na cuberta amianto. No ano 2006 fíxose o decreto do amianto. Esa preocupación, comparto todo o que está aí, comparto todo o que dis, pero creo que é imposible de facer a curto prazo.

Marc di: Estamos falando dun problema que non vai desaparecer. Estou de acordo en que xeralmente está mellor colocado, pero por exemplo, o amianto que teño na miña propiedade ten 40 anos, a súa vida é de 20 anos, xa está rompéndose e botando polvo ó aire. Entón, chegamos a un punto en que aínda colocado é perigoso. Hai que facer algo porque este problema vai empeorando. Imposible? Non sei cantos recursos hai a nivel estatal ou europeo, pero fai 20 anos foi un problema bastante grave, bueno fai menos.

O Sr. Rodríguez Arribe di: 2006.

Marc di: Si, fai menos.



O Sr. Rodríguez Arriba di: Esta é unha moción que apoio totalmente, e supoño que os meus compañeiros tamén, sabes que volta lle daría? Solicitar que todo aquel que tivera que cambiar o tellado de amianto solicitase unha axuda profesional que pagase a Xunta para que non meta as mans a xente que non debe metela, non profesionais. Entón, se ti tes que cambiar o tellado que teñas a posibilidade de que a Administración axude economicamente e que o cambie. Porque tanto ti coma min sabemos que os que cambian os tellados son os propios propietarios, no rural polo menos. No rural, case todos os que cambian os tellados son os propietarios, non chaman a unha empresa especializada.

Marc di: Dúas cousas, seguramente hai que traballar con profesionais, non hai outra maneira, pero con diñeiro público. A segunda cousa, si que é a miña propiedade, pero creo que iso, falando do meu caso e dos meus veciños, por exemplo, paréceme que é responsabilidade de cada un e algo que asumes comprando a casa e vivindo na casa. É un problema sanitario público.

O Sr. Rodríguez Arriba di: É verdade, si.

Marc di: Por eso insisto, atendendo á responsabilidade de cada un.

O Sr. Rodríguez Arriba di: Eu non digo meter a responsabilidade. A responsabilidade sempre será das autoridades sanitarias ou das autoridades de traballo, eu o que digo é que o que min me parece e comentouse tamén en moitos congresos, é imposible cambiar todo o amianto porque nin hai empresas que o poidan facer, nin hai presuposto para pagalas. Polo menos pedirlle á Xunta que cada un dos cidadáns que teña acceso ao tellado e que teñan amianto posto, que lle axuden a retiralo ou que llo paguen.

O Secretario da asociación di: Que poida solicitar unha axuda para retirar ese amianto e, a poder ser, que sexa proporcionado.

O Sr. Rodríguez Arriba di: Iso era o que intentaba dicir eu, eu apoio esta moción, pero me parece moito máis prudente, porque o outro me parece pouco realista, intentar que a Xunta quite todo o amianto existente porque iso é algo que non se vai a producir, pero que cada vez que un teña que facer unha obra de retirar amianto que a Xunta poda ofrecer a posibilidade de quitarllo e facerse cargo de pagar á empresa que o faga.

A Presidenta da asociación di: Eu creo que xa hai información porque eu penso que ás veces a xente non se da conta do problema.

O Sr. Rodríguez Arriba di: Non coñece. Si, é verdade.

A Presidenta da asociación di: Tamén hai que informar.

O Sr. Rodríguez Arriba di: Estamos moi cerca do exemplo máis grande que houbo en España que é Ferrol. Xente que morreu e moita xente que quedou con déficits pulmonares, sábeo ben Xulio Cribeiro, e con problemas angustiosos de vida. Estamos totalmente de acordo. O BNG apoia a moción e supoño que os meus colegas do PSOE tamén. O que pasa é que o que nos parece, esta é una opinión persoal, é que nós debemos centrarnos máis no que teña unha necesidade instantánea de facelo. Ti podes dicir, propoñemos que cando algunha persoa de Galicia precise cambiar forzosamente o tellado que teña uralita que sexa unha empresa profesional quen o faga e que a Xunta axude, se faga cargo ou colabore na súa retirada. Iso sería máis realista, penso eu. Porque isto implica uns gastos serios.

O Sr. Cribeiro García di: Nós cremos que se debería facer un Plan galego para a erradicación do amianto cun obxectivo dende o 2023 ao 2032 co obxecto da Unión Europea de retirar o amianto tamén



dos edificios públicos, non so dos particulares, e que se constituía un fondo específico que determine a Xunta ou os partidos políticos que están no Parlamento e que se destine anualmente á retirada de amianto dos edificios públicos e tamén do ámbito privado.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Eu creo que imos todos pola mesma liña.

O Sr. Alcalde di: Estamos todos falando do mesmo. Marc, primeiro, moitas grazas aos 3 por estar aquí. Eu creo que é unha moi boa solicitude por todo o que acabades de falar. É un problema que ocorre en toda Galicia, non so en Cedeira, creo que se ten que debater moito no Parlamento Galego, sobre todo intentar crear unha liña de axudas para detectar todos estes problemas, será a través dunha lei porque estas liñas de axudas despois van en función dunha lei da capacidade económica que teña cada familia. Non a todas as familias lles van dar unha subvención, non é o mesmo gañar 20.000 euros ao ano que 100.000 euros. Vai ser un debate que vai levar tempo porque non é so a nivel de Cedeira, en Galicia e en toda España. Canto antes se comece, antes se vai finalizar. Está ben que os partidos o debatan, non é que se vaia contra ningún partido, no ámbito político, isto é para mellorar e favorecer a vida dos cidadáns, neste caso nos de Cedeira e Galicia. Creo que debería ser iso, que se impulsara un plan por x anos, cunhas cantidades económicas e a partir de aí que eles determinasen as prioridades. Moitas veces aparecen restos de uralitas tirados por algúns sitios precisamente por isto, porque saben que teñen un coste podelo retirar, que hai que chamar a unha empresa. Incluso nós mesmos non podemos ir a recollelo e levalo para o punto limpo e despois que veña a empresa. Ten que vir a empresa, so eles poden manipulalo. Eu refacería un pouco o que dixemos os tres portavoces. Son mocións que no Parlamento se debaterán porque van cun sentido xeral para todos.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción nos termos nos que quedou transcrita.

4. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 436/2023 DE DATA 11.09.2023 DE MODIFICACIÓN DA HORA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dáse conta ó Pleno da resolución de Alcaldía núm.436/2023 de data 11.09.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: MODIFICACIÓN DA HORA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Mediante resolución de Alcaldía nº345/2023 de data 10.07.2023, resolveuse a constitución da Xunta de Goberno Local deste Concello, a designación dos membros da mesma e a determinación das súas atribucións.

Establécese como data e hora para a realización das sesións ordinarias os venres cada quince días, ás 13:00 horas.

Resultando que un dos membros da mesma, D^a Lucía Picos Aneiros, comunica a esta Alcaldía a imposibilidade de asistencia ás sesións venres ás 13:00 horas.

Polo exposto, **RESOLVO:**



PRIMEIRO.- Modificar o primeiro parágrafo do punto catro da resolución de Alcaldía nº 345/2023 de data 10.07.2023, de tal xeito que quede redactado da seguinte maneira:

“Fixar como periodicidade para as sesións ordinarias os venres cada quince días, ás 13:45 horas.”

SEGUNDO.- Da presente resolución darase conta ao pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicándose no boletín oficial da provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende a súa promulgación, conforme se indica no número 1 do artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, e o artigo 52.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

O Pleno queda enterado.

5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº DECRETO	ASUNTO
00371/2023	CONTRATACIÓN DUN TRABALLADOR/A DESEMPREGADO/A COA OCUPACIÓN DE BAÑISTA - SOCORRISTA POR UN PERÍODO DE DOUS MESES PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE PRAIAS 2023.
00372/2023	GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS A FUNCIONARIA DONA MONTSERRAT PÉREZ GARROTE PARA FACER 99 NOTIFICACIÓNS AOS ELECTORES QUE RESULTARON DESIGNADOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA O PROCESO ELECTORAL DO 23 DE XULLO DE 2023.
00373/2023	RECOÑECIMENTO DO PRIMEIRO TRIENIO A TRABALLADORA DESTE CONCELLO DONA ROSANA QUIZA LÁZARO
00374/2023	RECOÑECIMENTO DO PRIMEIRO TRIENIO AO TRABALLADOR DESTE CONCELLO DON DON JAVIER GONZALEZ RODRÍGUEZ
00375/2023	RECOÑECIMENTO DO PRIMEIRO TRIENIO A TRABALLADORA TEMPORAL DO CONCELLO DE CEDEIRA DONA BENIGNA BROCOS FRAGUELA
00376/2023	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE XUÑO DE 2023
00377/2023	NÓMINA DE XULLO 2023
00378/2023	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00379/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F/2023/37
00380/2023	LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA A NOVA AMPLIACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
00381/2023	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2023-36
00382/2023	CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE TRES POSTOS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR
00383/2023	COMPOSICIÓN E NOMEAMENTO DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A NOVA AMPLIACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
00384/2023	CONVENIO CON AGADIC - 2023 - SEMESTRES 1 E 2
00385/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029346 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00386/2023	LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS PARA A NOVA AMPLIACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA



	REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
00387/2023	APROBACIÓN DA NOVA AMPLIACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
00388/2023	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
00389/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS
00390/2023	REINTEGRO IMPORTE NON XUSTIFICADO DA ACHEGA PROVINCIAL POS + ADICIONAL 1/2022 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS
00391/2023	APROBACIÓN BASES XOGOS POPULARES 2023
00392/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029424 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00393/2023	APROBACIÓN TASACIÓN COSTAS EN RELACIÓN DO EXPTE. 2022000045476. P. A. 67/2022
00394/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS
00395/2023	CONTRATO DE ACTIVIDADE ARTÍSTICA - ACTUACIÓN MUSICAL "INGRÁVIDA" DE MERCEDES PEÓN O DIA 16.08.2023
00396/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ILUMINACIÓN E SON PARA O ESPECTÁCULO "INGRÁVIDA" DE MERCEDES PEÓN O DIA 16.08.2023
00397/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE ALUGUER DE ESCENARIO MÓBIL O DIA 16.08.2023
00398/2023	CONTRATO MENOR DE ACTIVIDADE ARTÍSTICA - ACTUACIÓN DO GRUPO MONDRA O DIA 16.08.2023
00399/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ANIMACIÓN FESTEIRA COA "FANFARRIA TAQUIKARDIA" O DIA 15.08.2023
00400/2023	SOLICITUD DE AYUDA PARA EL PROYECTO DENOMINADO "DIGITALIZACIÓN PISCINA CUBIERTA" AL AMPARO DEL PROGRAMA DE AYUDAS A LAS ENTIDADES PÚBLICAS Y TITULARES DE INFRAESTRUCTURAS PARA LA MEJORA Y OPTIMIZACIÓN DE INSTALACIONES Y ESPACIOS DEPORTIVOS QUE FOMENTEN EL TURISMO DEPORTIVO SOSTENIBLE CON CARGO A LOS FONDOS EUROPEOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA
00401/2023	ARQUIVO DO EXPEDIENTE 2023/X999/000077 RECLAMACIÓN DE DANOS OCASIONADOS NUN BEN MUNICIPAL (BOLARDO)
00402/2023	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE XULLO DE 2023
00403/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS 2023
00404/2023	LEVANTAMENTO DE REPARO AS FACTURAS F-2023-1838 E F-2023-2141 DE SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU
00405/2023	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CINCO TRABALLADORES PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS AO ABEIRO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2023
00406/2023	SOLICITUDE DE AXUDA PARA PROXECTO "IMPLANTACIÓN DUN PUNTO LIMPO MÓBIL NO CONCELLO DE CEDEIRA" AO ABEIRO DA ORDE DA XUNTA DE GALICIA POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCALES PARA A FINANCIACIÓN DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL . PROCEDEMENTO MT975S
00407/2023	DECRETO CORRECCIÓN ERRO NO DECRETO 404/2023
00408/2023	LICENCIA DE EDIFICACIÓN A NOMBRE DE TELEFONICA DE ESPAÑA SAU CADUCIDADE
00409/2023	DESESTIMIENTO DE OBRA LEGALIZACIÓN DE GALPÓN EN CASAL DE MARÍA, SAN ROMÁN
00410/2023	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACION RELACION FACTURAS F/2023/40
00411/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029496 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00412/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (VESTIDO) EXPTE TEDEC 2023/S009000028
00413/2023	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 269/2023 DO 02.06.2023, EXPTE TEDEC 2023/S009/000023
00414/2023	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 344/2023 DO 10.07.2023, EXPTE TEDEC 2023/S009/000021
00415/2023	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO IX CERTAME DE PINTURA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA



00416/2023	SOLCITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS SANITARIOS NON CUBERTOS POLOS DIFERENTES SISTEMAS PUBLICOS, EXPTE TEDEC 2023/S009/000029
00417/2023	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 74/2022 DO 10.02.2022, EXPTE TEDEC 2022/X999/000074
00418/2023	DECRETO APROBACION RELACION FACTURAS F-202-41 (TAXA DIR. GRAL COSTAS. VOLEY PLAYA MAGADALENA)
00419/2023	PAGAMENTO DE CANTIDADES RETIDAS EN NÓMINA DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2023
00420/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA, EXPTE TEDEC 2023/S009/000030
00421/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTO)
00422/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029553 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00423/2023	NÓMINA AGOSTO 2023
00424/2023	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
00425/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS
00426/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS
00427/2023	PERSOAMENTO E SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA QUE A SÚA ASESORÍA XURÍDICA SE FAGA CARGO DA DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 22/2023
00428/2023	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.A. 22/2023, JOSE FERNANDEZ PITA CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
00429/2023	APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO DA REFORMA E CONSERVACIÓN DE EDIFICIO ESCOLAR DO LUGAR CORREDOIRA. POS+2023
00430/2023	DESIGNACIÓN DE PRODUTIVIDADE A FUNCIONARIA DONA MONTSERRAT PÉREZ GARROTE POLAS XESTIÓNS EXTRAORDINARIAS DO PMH DURANTE AS VACACIÓNS DE DONA ELENA PAZOS VILELA
00431/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS
00432/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ACTUACIÓNS DE FORMACIÓN, DIFUSIÓN E SEGUEMENTO NO MARCO DA CAMPAÑA DE COMPOSTAXE DOMICILIARIO
00433/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029606 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00434/2023	APROBACION DE GASTOS E ORDE DE PAGAMENTO EN CUMPRIMENTO DE SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N.1 DE FERROL DE DATA 16.01.2023, P.A. 102/2022 DE MARIA CARMEN GARCÍA TOJEIRO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
00435/2023	APROBACION DE GASTOS E ORDE DE PAGAMENTO EN CUMPRIMENTO DE SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N.1 DE FERROL DE DATA 22.06.2023, P.A. 124/2022 DE MARIA CRISTINA BECEIRO MONTERO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
00436/2023	MODIFICACIÓN DA HORA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
00437/2023	INCOACIÓN DE EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN - REPARACIÓN DE TELLADO EN LUGAR DE VIRIZO (REF. CAT. 000902200NJ73D0001YS) EXPTE: 2023/I004/000001
00438/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029663 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00439/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029662 ACUERDO INICIO 9BIS ACUERDO INICIO NO IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR
00440/2023	PAGAMENTO DE CANTIDADES RETIDAS EN NÓMINA XULLO 2023
00441/2023	PRÓRROGA DA VIXENCIA DA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS NOS POSTOS DE TRABALLO DE SUBALTERNO/A
00442/2023	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00443/2023	PERSOAMENTO E SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA QUE A SÚA ASESORÍA XURÍDICA SE FAGA CARGO DA DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 61/2023
00444/2023	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.A. 61/2023, BEGOÑA BESCOS CASTEDO CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
00445/2023	LEVANTAMENTO REPARO FACTURA F/2023/2447 SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU
00446/2023	APROBACIÓN CERTIF. 3 DE SENDA PEONIL E AMPLIACIÓN DE CALZADA EN CORDOBELAS. POS+2022
00447/2023	APROBACIÓN CERTIF. 4-FINAL DA OBRA "SENDA PEONIL E AMPLIACIÓN DE CALZADA EN CORDOBELAS"



00448/2023	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE REPARACIÓN DE BARANDILLA EN AVDA. AREA
00449/2023	MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AVDA ESPAÑA, RÚA PONTE NOVA E OUTRAS. POS ADIC 2/2021
00450/2023	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE AGOSTO DE 2023
00451/2023	RECLAMACIÓNS TGSS DÉBEDAS POR DIFERENCIAS EN LIQUIDACIÓNS DE CUOTAS DE VARIOS PERÍODOS
00452/2023	CONTRATACIÓN DE DONA SILVIA MARÍA PAJARO BUGLIOT COMO LIMPADORA INTERINA POR SUBSTITUCIÓN DA TRABALLADORA DONA TERESA RODRÍGUEZ CHEDA POR BAIXA IT
00453/2023	RENDICIÓ DA CONTA PARCIAL Nº 1/2023 PARA REPOSICIÓ DE FONDOS ANTICIPO DE CAIXA FIXA
00454/2023	TRAMITACIÓ DE DECRETOS - 99500000029729 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00455/2023	DISPOSICIÓ DE GASTOS POR ASISTENCIAS A VARIOS PROCESOS PARA NA ANUALIDADE 2023 PARA BOLSAS DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS E CONTRATACIÓ A TRAVÉS DE SUBVENCIONS
00456/2023	AMPLIACIÓ DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
00457/2023	SOLICITUDE DE AYUDA PARA EL PROYECTO DENOMINADO "PUEBLOS DE REMO" AL AMPARO DEL PROGRAMA "EXPERIENCIAS TURISMO ESPAÑA" EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓ, TRANSFORMACIÓ Y RESILIENCIA AL AMPARO DE LA ORDEN ICT/1524/2021, DE 30 DE DICIEMBRE, POR LA QUE SE ESTABLECEN LAS BASES REGULADORAS DE LAS AYUDAS PARA EL PROGRAMA "EXPERIENCIAS TURISMO ESPAÑA" EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓ, TRANSFORMACIÓ Y RESILIENCIA
00458/2023	XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 599/2022 DO 16/11/2022, EXPTE TEDEC 2022/S009/000035
00459/2023	APROBACIÓ EXPTE DE CONTRATACIÓ DENOMINADO "CAMBIO DE CALDEIRAS DE GAS POR BIOMASA EN PISCINA MUNICIPAL"
00460/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA, EXPTE TEDEC 2023/S009/000031
00461/2023	TRAMITACIÓ DE DECRETOS
00462/2023	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACION RELACION FACTURAS F-2023-46
00463/2023	CONTRATACIÓ DE DUAS AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA A COBERTURA DAS BAIXAS POR IT QUE CONTINUAN SEN COBERTURA
00464/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE FORMIGONEIRA PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO MUNICIPAL
00465/2023	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 27.09.2023

O Pleno queda enterado.

6. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia infórmase que o grupo de goberno municipal somete á consideracIón do Pleno, por razón de urxencia, á seguinte mocIón:

6.1 MOCIÓ DO BNG: SITUACIÓ CRÍTICA DO TRANSPORTE NA COMARCA

Dáse lectura á mocIón do BNG de data 27 de setembro de 2023, que di:

“Preséntase esta mocIón diante da situacIón crítica que está a acontecer na nosa comarca en relacIón ao desprazamento dos nosos veciños e as nosas veciñas dende a Vila a outros lugares, nomeadamente a aqueles que son imprescindibles para a atencIón sanitaria ou mesmo laboral, e acreditando que non todos os cidadans e cidadás dispoñen de medios de transporte propio.

Dende o BNG sempre acreditamos que o transporte colectivo de carácter público, baseado no seu carácter inclusivo para todas as persoas usuarias, é un elemento vertebrador do noso país, cumprindo



ao tempo, un labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén deste valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentable o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións, así como accidentes ou colapsos e ruídos nos espazos urbanos.

Ao fíos da instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica.

Este novo plan de transporte está a deixar na nosa comarca unha situación realmente caótica, con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da veciñanza. Este último plan de transporte de Galiza deixa fora moita poboación da comarca, que non ten nin en consideración, situación agravada pola falta de transporte por parte de quen ten a competencia, a Xunta de Galicia.

Unha situación que deriva dos evidentes incumprimentos por parte da adjudicataria MONBUS, máis tamén da complicidade da Xunta, como responsable da adjudicación do servizo e garante das cláusulas que se explicitan nos mesmos. E compre lembrar que, para o desenvolvemento do transporte metropolitano na nosa comarca, asinouse un convenio hai dous anos que deriva nunha importante aportación económica por parte dos concellos, no que se expresa coma un dos obxectivos fundamentais, cal é proceder á execución dunha serie de actuacións conxuntas que permitan o mellor desenvolvemento do transporte metropolitano no seu ámbito, como medidas de fomento da mobilidade sostible.

Lonxe do cumprimento dos obxectivos fixados no convenio, a situación resulta caótica. Incumprimento de horarios e itinerarios, insuficiencia e malas condicións dos medios utilizados, carencias de persoal, etc. Unha situación que levamos aturando dende hai tempo, e de xeito indecente dende que a Xunta procedeu á nova adjudicación ao monopolio que representa a Empresa MONBUS e que está a ser denunciada dende diversos colectivos e institucións sen que se producise mellora algunha das deficiencias comentadas.

Con este panorama, resulta evidente que os obxectivos que se concretan no convenio asinado vai para dous anos, no que os concellos achegan en cada anualidade 2021-2024 máis de 350.000 €, están a incumprirse por parte da Xunta, que é realmente a que ten que velar porque as empresas adjudicatarias cumpran os seus contratos que, entendemos, deberían responder ao contido do convenio asinado cos concellos.

Este último plan de transporte de Galiza, ademáis deixa fóra moita da poboación da comarca, á que o plan e os seus responsables non teñen nin en consideración, situación agravada pola falta de oferta de alternativa de transporte por parte de quen ten a competencia, a Xunta de Galicia.

Neste contexto, e atendendo á defensa dos intereses das persoas usuarias e tamén á transparencia e obxectividade no referente ao destino dos fondos municipais que os concellos están a dirixir ao cumprimento do convenio, e tendo presente a realidade dos concellos rurais, o BNG insta ao Pleno Municipal de Cedeira a adoptar o acordo para demandar da Xunta unha urxente solución á citada problemática, concretada especialmente no reforzo e adaptación de servizos en horas que demandan os colectivos de usuarias e usuarios, co fundamental obxectivo de atender definitiva e acadamente as



necesidades de mobilidade da poboación da comarca, nomeadamente as derivadas de razóns laborais, académicas, asistenciais, etc.

Así mesmo, solicitamos demandar a curto prazo a revisión dos convenios dos concellos no transporte metropolitano asinado coa Xunta.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribreiro García di: Nós non podemos dicir absolutamente nada sobre esta moción porque acabámola de recibir para lela.

A Sra. Iglesias Bereijo di: É que recibímola agora, ás oito da tarde.

O Sr. Rodríguez Arribe di: É de urxencia, antes de rogos e preguntas, según pon o R.O.F.

O Sr. Alcalde di: Si, hai que votar a urxencia antes de que se aprobe.

O Sr. Cribreiro García di: Nós vemos aquí unha serie de manifestacións que non sabemos se son certas ou non, por iso imos recabar información por parte da Consellería. Eu sei, a través dos medios de comunicación, que houbo algún problema creo que onte, e que se ía reunir con alguén e non só a través de Monbús, senón tamén do transporte de ferrocarril que parece ser que tamén hai problemas. Nós, cando teñamos información por parte da Consellería. Neste momento non podemos porque non temos coñecemento exacto do problema que realmente existe, pero demandamos que o transporte público sexa rápido e eficaz.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Se pode haber un bus cada media hora mellor que de cada hora.

O Sr. Alcalde di: Pola nosa parte, imos votar a favor desta moción. A cantidade que aparece aí de 350.000 euros que se paga entre todos os concellos, non o temos contrastado, supoño que será unha información veraz.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Si, si.

O Sr. Alcalde di: O que si que temos claro é que Cedeira está dentro do Plan metropolitano. O concello de Cedeira aporta cada ano unha cantidade para que o billete saia máis barato e realmente os colectivos que antes citaches, tanto laborais, académicos ou asistenciais están agora mesmo moito peor que fai 25 ou 30 anos. Aquí hai xente de todas a idades e fai 30 anos collíamos o autobús, uns en Cedeira e outros que vivíamos en Foz e podíamos ir a Compostela, a Coruña ou a Lugo e agora colles o autobús a Ferrol e hai que estar 2 horas e media antes porque sae desde aquí e teñen que estar alí esperando, colas interminables. E pasa moitas veces que ves buses que van baleiros. Cando se traballa sobre o transporte entendo que é complexo facelo para todas as localidades e que sexa perfecto para todas elas, pero si que había que contar con todas as persoas que pertencen a estos ámbitos e chegar a acordos para que se vexan aquelas frecuencias que son as máis necesarias, e sobre todo, as máis frecuentadas porque o que queremos e ver buses cheos, cada día menos coches na rúa que o que fan é demasiado consumo de combustible, co cal máis contaminación e realmente é unha carencia que temos moi grande. Pasa tamén co tema do tren, Galicia é das peores zonas.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Sempre saen con retraso.

O Sr. Alcalde di: Creo que somos das zonas de España con peor servizo de tren. A liña que vai de Ferrol a Coruña debe ser a única do mundo que cando vai volve e volve a ir, e é verdade, creo que é en Betanzos, parécese aos de tente que tiñamos nas casas cando éramos pequenos.



Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e tres (3) abstencións do PP, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e tres (3) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a moción nos termos no que quedou transcrita.

Pola Presidencia infórmase que o grupo de goberno municipal somete á consideración do Pleno, por razón de urxencia, á seguinte moción ou proposta:

6.2 APROBACIÓN CONTA XERAL 2022

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 26 de setembro de 2023, que di:

“Expediente: 2023/G006/000244

Asunto: Aprobación conta xeral 2022

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a Conta Xeral do exercicio 2022, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

De acordo co informe de Intervención emitido sobre ela, e o Acordo da Comisión Especial de Contas emitido con data 23 de agosto de 2023.

Visto que a mesma expúxose ao público para que puidesen presentarse reclamacións, reparos ou observacións, e que durante ese prazo non se presentaron en tempo e forma alegacións, como reflícte o certificado de Secretaría de 26 de setembro de 2023.

Propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2022.

SEGUNDO. Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como ao Consello de Contas de Galicia.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Nós, igual que no punto anterior. Presentáronnos toda a documentación no día de onte e non nos da tempo a nin sequera mirala. O noso voto vai ser a abstención, igual que na anterior moción.

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e tres (3) abstencións do PP, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.



O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e tres (3) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a moción nos termos no que quedou transcrita.

7. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas o Sr. Cribeiro García di: Vou facer un rogo; volvemos a insistir nun dereito que temos amparado pola lei como grupo político. O 29 de xuño o noso grupo político presentou unha petición no rexistro solicitando que se nos concedese un local para poder reunirmos de maneira independente e así recibir visitas dos veciños. No Pleno do 27 de xullo volvimos a recordarllo e a súa resposta non foron máis que evasivas, sendo vostede o único responsable de cumprir con esta solicitude. Eu quería recordarlle que en base ao artigo 27 e 28 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, vostede debe cumprir coa lei e o que está facendo, cremos que é quebrantar a lei. Nós non queremos máis evasivas, só lle pedimos que nos diga se si ou non nos facilita dito local. Evasivas de que non hai locais, se cruzamos a rúa, en 5 metros hai un edificio que se podería utilizar.

O Sr. Alcalde di: Non me mires así que non che vou a dar a razón, pódeste rir o que queiras.

O Sr. Cribeiro García di: Non me río. Hai un local aí que se pode utilizar.

O Sr. Alcalde di: Vou contestar como unha pregunta, aínda que sexa un rogo, os rogos non se soen contestar. Recordo que no anterior Pleno o que dixen foi que o Concello de Cedeira carece de moitos locais, ten moitas asociacións que fan unha labor especial e esencial, como temos aquí unha delas que está presentando unha moción, que ningún do grupos políticos que estamos aquí a presentou, así que outra vez dar as grazas pola nosa parte. Dende fai anos esta problemática abordouse dende o Concello facendo unhas aportacións por parte do Concello aos grupos políticos, como ben lle dixen, que son para que eses grupos podan alugar un local en calquera outro sitio, como fai, por exemplo, o Partido Socialista, con esa aportación que temos pagamos o aluguer do local que temos. O edificio de enfrente está claro que se vai regular e determinar para usos do Concello, para necesidades que hai de departamentos que no seu momento, cando vostede pregunte, se lle dirán. Ten máis preguntas? Rogos?

O Sr. Cribeiro García di: So contestarlle...

O Sr. Alcalde di: Non se contestan os rogos. Vostede fai unha pregunta e eu lle contesto. Vostede fai un rogo, eu o apunto.

O Sr. Cribeiro García di: Fago as preguntas, entón. Dicirlle se o aparcamento do Gadis é de titularidade municipal ou privada? Porque a día de hoxe non existe ningunha placa identificativa de titularidade municipal, por tanto, cremos que a Policía Local non debería acceder cun vehículo municipal a poñer multas nunha parcela privada. Se realmente non se poden poñer multas, rogamos á actual Corporación de coalición que devolva o importe de todas as sancións e que pida desculpas públicas por unha medida que nunca debeu ocorrer.

O Sr. Alcalde di: Voulle contestar un pouco do que me preguntou no outro Pleno, que me preguntou cal fora o número de multas: 28 no mes de xullo, 22 no mes de agosto. E, polo tema do convenio, vólvolle a dicir, ten vostede ao lado un Concelleiro que naquel momento estaba no grupo de goberno que foi quen chegou ao acordo. E todas as sancións que se fan, calquera persoa pode presentar unha alegación e se lle contestan ás alegacións por parte da Policía Local. Máis preguntas, por favor?



O Sr. Cribeiro García di: Cando eu lle fago unha pregunta directa, dita pregunta vai dirixida a vostede, que é o actual Alcalde de Cedeira, e como tal debe de responder. No último Pleno, e agora tamén quere esquivar, respondendo que lle pregunte ó meu Concelleiro, Pablo Nebri, polo problema do aparcamento do Gadis. O Alcalde é vostede, quen ten que render contas ante a oposición é vostede, non nós ante o goberno. Que vai a ser que agora o goberno vai fiscalizar á oposición? E de feito, o que me parece tremendo, é que vostede diga que a xente pode recorrer as multas, pero se as multas se están facendo ilegalmente, vostede é o responsable da Policía municipal, vostede sabe que se está cometendo unha infracción.

O Sr. Alcalde di: Houbo alegacións sobre esas multas que se contestaron por parte da Policía Local a elas, contestouse á Deputación baixo a lei.

O Sr. Cribeiro García di: Nós o que si lle pedimos entón é que, por parte de secretaría ou intervención, fagan un estudio sobre este tema e que se pida á Deputación tamén un informe xurídico, se realmente por parte do Concello se poden impoñer multas nun terreo privado.

O Sr. Alcalde di: En Portos? No porto de Cedeira?

O Sr. Cribeiro García di: Pregúntelle vostede ao Porto. Nós estamos preguntándolle a vostede.

O Sr. Alcalde di: Fala de terreos privados. Era só un comentario.

O Sr. Cribeiro García di: Nosoutros estamos preguntándolle a vostede por un problema que vostede ten. Vostede é o máximo responsable da Policía Local de Cedeira.

O Sr. Alcalde di: Pero eu non fago as leis. Aquí hai mandatos. Non lexislamos os Concelleiros.

O Sr. Cribeiro García di: Estoulle dicindo que a súa Policía municipal está, a través do seu mandato, porque vostede é o xefe, é o máximo responsable da Policía municipal, estáselle dicindo que se cree que se está cometendo unha irregularidade, e vostede admite esa irregularidade?

O Sr. Alcalde di: Supoño que vostede leva de número dous un compañeiro que non cometería unha ilegalidade, unha irregularidade cando estaba no goberno, non?

O Sr. Cribeiro García di: Non lle estou preguntando iso.

O Sr. Alcalde di: Pero eu estoulle contestando. Vostede pregunta e eu contesto. Vostede pregunta o que vostede quere e eu contesto o que eu creo oportuno.

O Sr. Cribeiro García di: Eu tamén lle respondo, non fiscalice vostede a labor da oposición, cando vostede é o máximo responsable, vostede é o Alcalde de Cedeira, vostede é o que ten que tomar as decisións. Se está tomando unhas decisión que dende o noso punto de vista rozan a ilegalidade, vostede é o responsable. Estoullo dicindo de boa fe, nada mais.

O Sr. Alcalde di: Se mo dixera de boa fe igual me dicía que rozan a legalidade non a ilegalidade, é diferente o tema. Máis preguntas?

O Sr. Cribeiro García di: Si. Moito nos tememos que o tema da recollida do lixo vai a ser un tema recorrente nos moitísimos Plenos que se celebran no Concello, si ou si. É certo que na empresa de recollida hai dez traballadores, catro varredores e unha varredora e van dúas persoas no camiión, un chófer e un peón en Cedeira, a este tema tiña que responder vostede antes.



O Sr. Alcalde di: Si, si.

O Sr. Cribeiro García di: É certo que fai anos viñan varias veces a limpar os contedores e agora ningunha, pero ningunha? Vostede sabe que hai contedores, non se ría porque este é un tema moi serio, non se limpan os contedores en Cedeira, é un tema moi serio, moi serio. Sabe vostede que hai contedores sen rodas e sen tapas, contedores rotos? Sabe vostede que o cadro da antigüidade da varredora e de un nivel pésimo? Parece ser que é certo que o chófer do camiión tivo que pagar el mesmo o tacófrago, e algúns empregados que teñen que pagar a ITV dos vehículos e moitísimas deficiencias máis que nos constan. Como pode comprobar, temos unha atónita información da empresa da recollida de lixo, que ao igual que os veciños de Cedeira nos trasladan as súas queixas e o seu malestar ante unha situación realmente crítica. Cedeira cheira. O señor Moreda no último Pleno dicía o que temos que facer agora é pensar medidas que se poidan facer por parte da veciñanza. Señor Moreda, os veciños fan o que saben ou o que poden, vostede é o responsable deste pésimo servizo, debería poñerse a traballar neste tema, e non sea condescendente coa empresa. O Concello é o que paga e, polo tanto, o que pode esixirle á concesionaria un servizo de lixo eficaz e digno. E engadiría, para non insistir moito máis, señor Moreda, hai veciños en San Román, en Montoxo, en Régoa, en Santalla, en San Andrés, en Piñeiro, en Esteiro, en tantas zonas de Cedeira que queren traballar, e moitos están no paro. Vostede que non abandonou a política activa, vostede que é a máxima autoridade, vostede que é o que lle paga á empresa de recollida de lixo, págalle e hai informes de reparo por parte de secretaría ou intervención, sobre eses pagos, é vostede o que ten influencia política ao estar no poder. Vostede fixo que o señor Pérez Riola, antigo concelleiro seu, ocupe un cargo de responsable na empresa de recollida de lixo e xa que falamos de lixo, non lle cheira mal este asunto? A nós, moito. Calquera veciño en paro, calquera veciño de Cedeira, podería desempeñar ese posto e, por segunda vez e última, repito que non temos nada persoal contra o señor Pérez Riola.

O Sr. Alcalde di: Primeiro volveu contestar polo final. Eu creo que esta afirmación é denunciante. Xa sei que a vostede lle gusta moito e é coñecido nos xulgados, pero isto é denunciante. Afirmar que o Alcalde lles meteu a calquera persoa a traballar en calquera empresa é a falacia máis grande que un pode dicir. Espero, polo menos, se non quere que o denuncie que presente unhas desculpas aquí, diante de todos os meus compañeiros e do público que está. Iso xa o primeiro. Aquí non paga o Alcalde, paga o Concello, paga por un servizo. Un servizo que lamentablemente, como outras moitas cousas, fíxose un contrato no ano 2006, o 31 de outubro, que vencía ós 15 anos, no 2021, que tiña prórroga dun ano e de cinco, e que dende o 2022, dende setembro do 2022 estamos traballando nel. Un contrato que como os dos eólicos que facía o seu compañeiro naquel momento, Luís Rubido, que alugábase 500 hectáreas e tiñamos un contrato dun folio por unha cara e metade pola outra, sabes? E agora as pistas destrozadas, iso dalle igual. Cando falo da veciñanza, a veciñanza ten que ser un pouco responsable, e volveu poñer un exemplo, a persoa que está ó seu lado, que é o Concelleiro de Deportes, o outro día organizaron un torneo e se deixaron moitos contedores verdes, amarelos, pois saben que fixeron? Botaron nese contedor de todo, sen separar nada. Non lle mandamos que tiraran o chan o que separaran, senón botalo. Se nosoutros que somos Concelleiros facemos iso, que vai facer a xente? O que facemos é, nosoutros non lle vamos a mandar a xente, non vamos a educar a xente, intentamos facer as cousas o mellor posible. A min o que me gustaría, o que boto de menos non é a súa preocupación pola recollida do servizo do lixo, o que boto de menos é unha participación activa, a que nós lle ofrecimos. O noso ofrecemento foi que cando queira pode participar con nós na elaboración dos pregos, os pode revisar e todo iso. Xa sabemos perfectamente como está o contrato, sitios que teñen unhas deficiencias e outros que teñen outras. Tamén é certo que vostede ten un compañeiro nesa empresa que é Concelleiro do Partido Popular noutro concello que lle da a información. É normal, para iso é compañeiro de cor política, pero si que llo digo e llo volvo a dicir; espero unha rectificación do que acaba de dicir do señor Riola porque senón o vou a denunciar. E llo repito outra vez, e non quero entrar por aí, pero nese aspecto tes máis experiencia ti ca min.



O Sr. Cribeiro García di: Vostede parece ser que vive anclado no pasado. Fala de xulgados, por suposto que fun ao xulgado e aquí estou totalmente libre. Libre, señor Moreda. Sabe o que é a liberdade? Teño que repetirille algo máis? Vostede tamén foi denunciado. Fai afirmacións que...

O Sr. Alcalde di: Denunciado? Eu non me sentei nunca diante dun tribunal. Agora voulle contestar, porque isto que está dicindo... O outro día ensinámoslle un documento, na Mesa de seguimento de urbanismo, dun veciño que con todo o seu dereito, presenta unha denuncia contra o Técnico municipal e contra min que non foi estimada. É dicir, nada máis. Vostede foi declarado non culpable, non inocente. E de momento creo que das causas que ten aínda ten que devolver diñeiro ó Concello de Moeche, así que exemplos de moralidade os xustos. Ser non culpable é diferente. Vostede pode ser o que vostede queira. Creo que vostede de parvo ten moi pouquiño, pero non nos faga de parvos ós demais.

O Sr. Cribeiro García di: Pero de inocente.

O Sr. Alcalde di: Eu nunca lle dixen nada. Agora estou falando eu, por favor, fale vostede o que queira. En ningún momento me referín a vostede como culpable, dixen que vostede saíu non culpable, nada mais. Cambiamos de pregunta, por favor?

O Sr. Nebril López di: Podo falar eu?

O Sr. Alcalde di: Non.

O Sr. Cribeiro García di: Non se pode falar.

O Sr. Alcalde di: Cando acabe Xulio, déixote falar.

O Sr. Cribeiro García di: En primeiro lugar, estamos nun país libre.

O Sr. Alcalde di: Estamos no turno de preguntas.

O Sr. Cribeiro García di: Estamos nun país libre, onde a liberdade de expresión está recollida na Constitución. Vostede se quere presentar unha denuncia contra min, presénteala, sen ningún problema. Aquí está o texto do que eu dixen hoxe. Presénteala, sen ningún problema. Intentar enganar ao club de fútbol con este tema, paréceme lamentable, porque en Cedeira organízanse moitísimos eventos, desde San Antonio, o Curro da Capelada, o outro día a festa de San Cosme. Ó mellor o problema non é de quen organiza esas cousas. Ó mellor o problema é do Concello que nun determinado momento ten que ter uns recursos suficientes, e todo tipo de contedores; de papel, de cartón, de plásticos, de vidro, e cando se celebren ese tipo de eventos o Concello podería axudar e repartilos para que todos os organizadores poidan facer ese tipo de recollida selectiva. Paréceme lamentable que vostede faga afirmacións, que me digas iso de que vostede ten un Concelleiro que está na empresa. Paréceme miserable, señor Moreda. Nosoutros temos información, non so desa persoa en concreto, de moitísima xente, de moitísimos traballadores.

O Sr. Alcalde di: Acaba de recoñecelo.

O Sr. Cribeiro García di: Si, e que? Paréceme lamentable que veña aquí nomeando a determinadas persoas. Hai moitísima xente, moitos traballadores do Concello do servizo do recollida do lixo, que nos manifestan as deficiencias, tanto nos coches, a varredora se a poñen en costa arriba teñen que meter unha cuña que non funciona.



O Sr. Alcalde di: E que ninguén está poñendo entredito nada diso. Eu creo que deberías moderar un pouquiño tamén a túa linguaxe, iso de palabras miserables, dicir certas cousas que dis. Creo que deberías un pouquiño coidar a túa linguaxe porque aquí todos temos bastante respecto e somos o máximo expoñente. Eu non sei se ti ós pacientes os chamas miserables ou falas de miserias con eles.

O Sr. Cribeiro García di: Estamos nun Pleno. Qué pasa que non se pode dicir a palabra miserable?

O Sr. Alcalde di: Pois non, hai palabras que se podían evitar ou dicir doutra maneira, pero cada un ten a súa linguaxe, eu non me vou meter niso. Ninguén pon en entredito, nin di, nin dubida do malestar que poida haber en certo persoal ou certas cousas, e incluso nós mesmos. O que lle estou dicindo é que hai situacións e lémbrome moito de que agora veña para Cedeira, que estivo moitos anos fora, que veña para Cedeira, que coñeza un pouco Cedeira. Vostede non sei se sabe que, non llo digo por mal, todos os eventos que organiza o Concello de Cedeira e todos os eventos que organizan as asociacións, as asociacións póñense en contacto co Concello de Cedeira e teñen todo o que necesitan, contedores de cartón, contedores do que fagan falta. O que non vai facer o Concello é si un club organiza un concerto, por poñer un exemplo, no campo de fútbol, ser o Concello o que teña que limpar. Creo que cando unha entidade privada, pública, creo que son entidades totalmente diferentes, cando unha entidade privada organiza un evento será a entidade quen o ten que limpar, como fai calquera organización de veciños. Non falo solo por isto, estaba falando do Curro, que non se chama Curro, chámase Rapa das bestas, e así moitas outras máis actividades. E máis, non sei se o sabe, pero podía facer un táboa en excel que creo que moi pouquiños concellos que organicen a cantidade de actividades que organizan, con moito orgullo, por parte de todos os clubs e entidades culturais e o propio Concello. O Concello de Cedeira, comparado con outros concellos, creo que teñen a máxima axuda que lles podemos dar. E sigo tendéndolle a man a que participe no proceso de elaboración dos pregos. Será chamado, non se preocupe que será chamado, para ter un mellor servizo de recollida de lixo nos vindeiros anos para o noso Concello.

O Sr. Cribeiro García di: O que sorprende é que me diga a min que ven a Cedeira. Paréceme lamentable, señor Moreda. Que me diga que agora veño a vivir a Cedeira. Eu sempre vivín en Cedeira, transitoriamente por cuestións laborais...

O Sr. Alcalde di: Votaches en Cedeira nas últimas eleccións? Pregunto, non sei.

O Sr. Cribeiro García di: E iso que ten que ver?

O Sr. Alcalde di: Digo, non sei. Eu estou empadroadado. Non sei se algún non está empadroadado.

O Sr. Cribeiro García di: Non estou empadroadado.

O Sr. Alcalde di: Ah, non estás? Perdoa, pensei que estabas.

O Sr. Cribeiro García di: Que simpático, señor Moreda. Teño unha vivenda en Ferrol e teño que estar empadroadado.

O Sr. Alcalde di: Non lle estou pedindo explicacións de nada. Estás dicindo que vives en Cedeira.

O Sr. Cribeiro García di: Claro que vivo en Cedeira. Fíxese se son valente eu que nin o meu voto, podería habelo cambiado e non o cambiei.

O Sr. Alcalde di: Igual non sabías que te presentabas a candidato.



O Sr. Cribeiro García di: Non o sabía tampouco. Tampouco estaba empadroado en Moeche e gañaba as eleccións, vaia por Deus!

O Sr. Alcalde di: E por certo, despois de tantos anos de Alcalde, os informe de reparo fainos intervención.

O Sr. Cribeiro García di: O que é lamentable é a súa actitude.

O Sr. Alcalde di: A miña actitude é aberta a dicirille que vostede participe no proceso, o seu grupo, no proceso de redacción duns pregos.

O Sr. Cribeiro García di: Iso é futuro.

O Sr. Alcalde di: Pero isto non se fai en dous días. Escoite, hai pobos e cidades que non fan o contrato do lixo.

O Sr. Cribeiro García di: Vamos a ver señor Moreda, acaba de dicir agora que o contrato do lixo acabou no ano 2021.

O Sr. Alcalde di: E que ten posibilidade de prórroga dun ano e de cinco.

O Sr. Cribeiro García di: Vostede leva oito anos gobernado, os últimos catro con maioría absoluta. Os últimos catro anos do señor Moreda tiña maioría absoluta, acababa o contrato no ano 2021, 22 e 23, pasaron dous anos e está sen contrato. Culpable é vostede por non iniciar no seu momento os pregos porque tiña maioría absoluta e podían gobernar sen ningún problema e agora gobernan en coalición co Bloque. Axilice este tema.

O Sr. Alcalde di: Estamos traballando o máximo posible, para facelo o mellor posible e aínda así esperemos que nos saia mellor.

O Sr. Cribeiro García di: Vostede está falando dun contrato en futuro, eu estoulle falando dunha realidade que existe hoxe en día, que o pésimo servizo da recollida do lixo. Todo o mundo se queixa, señor Moreda. Señor Jose, estou de acordo coa medida que se tomou no verán de que a recollida de lixo se fixera nunhas determinadas horas, pero iso non é suficiente, porque apesta Cedeira.

O Sr. Alcalde di: Unha cousiña, non é certo que non se limpen os contedores, non é certo, o que si é certo é que, volvo dicir, temos un contrato que no seu momento era moi precario e había unha limpeza de catro ou cinco veces o ano. Ese o problema que temos, que se limpan catro ou cinco veces. Pódese limpar as veces que un queira que se tiras unha bolsa que teña un pouco de residuo e estea rota ou teña calquera outro tipo de residuo, en dous días que dea o sol volve ulir. Pero que non se limpan, non é certo. Que se limpan pouco, si. Que debería haber unha frecuencia moitísimo maior, si, por suposto.

O Sr. Nebril López di: Podo falar eu?

O Sr. Alcalde di: Si, por suposto.

O Sr. Nebril López di: Co tema que dicías dos contedores do campo de fútbol do que foi o torneo, non é torneo solo. No torneo foi unha cousa que non había contedores de todos alí. Non é polos contedores tampouco, a selección non se fai en ningún sitio, penso eu. Nos eventos que dixo Xulio, festas, eventos deportivos, do que sexa. Hai moitos contedores xa na rúa todas as semanas que non hai selección de



nada. Que si habería que facelo, pero nosoutros naquel momento de torneo non había. Tivemos que ir buscar nós os contedores, non se levaron contedores para alí. Tivemos que levar o lixo para outros contedores de fora porque non nos chegaron, que non se levaron contedores. Tivemos que ir buscar o da pista de pádel, que fun eu, e non sei quen foi, alguén, os do Polideportivo.

O Sr. Romero Carracelas di: Retireinos eu.

O Sr. Nebril López di: Retiráchelos, pero buscalos fomos nós. Non se levaron contedores. Coa selección do lixo, non se fai, loxicamente, porque no hai contedores e todo o mundo bota. O outro día, co de San Cosme, igual.

O Sr. Alcalde di: Falamos de plástico.

O Sr. Nebril López di: Vidro é moi difícil que vaia.

O Sr. Alcalde di: Pero plástico e orgánico.

O Sr. Nebril López di: Porque non hai vidro, hai vidro en cervexa, pero queda alí.

O Sr. Alcalde di: O plástico e o orgánico cando vai todo xunto cando chega a SOGAMA temos que pagar moitísimo máis por el.

O Sr. Nebril López di: Xa o sei, pero non é solo no fútbol, Pablo.

O Sr. Alcalde di: Escoita. Non digo que sexa solo no fútbol, pero tampouco vale.

O Sr. Nebril López di: Todas as semanas saen contedores do campo de fútbol cheos de lixo así, do campo de fútbol e dos demais sitios tamén.

O Sr. Alcalde di: Non vale dicir que nos demais sitios non se fai.

O Sr. Nebril López di: Non estou xustificando iso, ó contrario.

O Sr. Alcalde di: Isto é como a medida que púxenche o exemplo do campo de fútbol porque me estaba falando diso.

O Sr. Nebril López di: Ou non viches os contedores entrando na festa? Eu non vin ningunha foto. Estaban todos os contedores en Piñeiro a tope, normal.

O Sr. Alcalde di: Escóitame, e sabes cantos contedores pediron os da asociación?

O Sr. Nebril López di: Non sei.

O Sr. Alcalde di: Ningún.

O Sr. Nebril López di: Porque quitaron os dos veciños alí da esquina.

O Sr. Alcalde di: Non, non, porque lles foi a empresa a levalos.

O Sr. Nebril López di: Estaban os veciños da esquina sen os contedores.



O Sr. Alcalde di: Que non pediron contedores.

O Sr. Nebril López di: Ah, se non os pediron é cousas deles. E o outro día non estaba, fun ó seguinte, en Diamantel, e boteino alí, non pasa nada. Por iso digo que no fútbol non tiñamos nin contedores para botar.

O Sr. Alcalde di: E o da medida...

O Sr. Nebril López di: Claro que hai que seleccionar, claro que si. Iso despois é a xente que bota nos contedores tamén as cousas.

O Sr. Alcalde di: Se nosoutros, por exemplo, co exemplo que se puxo antes de que se botara o lixo entre as 9 e as 12 da noite, é unha medida que si conseguimos que o 50 ou 60 por cento da poboación o faga, é un éxito. Por iso se están facendo este tipo de medidas.

O Sr. Nebril López di: Está ben. A selección tamén ten o tema resolto, pero non había contedores para todo alí. É que non os hai. Non hai papel, no campo de fútbol dentro nin alí cerca, non hai.

A Sra. López Rodríguez di: Papel si hai, diante non, cerca si. Diante de Sandra, do instituto.

O Sr. Nebril López di: Ah, vale. Aí si. Contedores hai alí na esquina, enfronte á Guardia Civil. Entón a selección despois de ter contedores por todo o campo de fútbol é difícil, non vamos a andar seleccionando. Tería que haber no campo de fútbol, que é unha instalación municipal, un contedor para cada cousa, sería o normal, como hai nalgúns sitios, e así a ver si a xente se involucra e o fai. Non botes a culpa ao fútbol.

O Sr. Alcalde di: Non boto a culpa. A veces a responsabilidade, de culpa se pensa que son un mesmo, ser responsable diso tampouco significa ser culpable de nada.

O Sr. Nebril López di: Eu culpable tampouco me sinto. Eu fastídiome, collo cartón na miña tenda e vou ó do cartón, plástico co do plástico. Na miña tenda fago así.

O Sr. Alcalde di: Eu o que quero dicir é que ti non tes que estar, nin ninguén da directiva, dicíndolle a ninguén onde ten que botar as cousas. O que si lle comentaba a Jose cando el me ensinou as fotos, que a próxima vez que poñan un papeliño no contedor “solo tal” ou “solo cal”, o que quixen dicir que se poña un papeliño que poña “solo orgánico”, “solo plástico”. Se consegues que o final haxa unha porcentaxe alta, xa está.

O Sr. Nebril López di: Pero primeiro hai que ter os contedores alí.

O Sr. Alcalde di: Despois hai outro tema, Cedeira non ten 200 contedores para andar movendo para todos os lados. Temos os contedores que temos. Este ano compráronse.

O Sr. Nebril López di: Pero esa é unha instalación municipal que debería de telos, por así dicilo. Alí vai moita xente semanalmente e diariamente que entrenan á semana 200 nenos.

O Sr. Alcalde di: Contedores hai. Que diante dunha librería, diante dunhas casas haxa un contedor de cartón, ou dun supermercado, pero nun campo de fútbol un contedor de papel. Se me dis fan falta máis dous do orgánico, fan falta dous máis do plástico, non me diga que fan falta, que a necesidade é un contedor de papel no campo de fútbol, entón temos que poñer un contedor de papel en cada esquina. Onde eu vivo cando vou tirar o cartón hai locais alí e teño que ir a outro que está a 50 metros.



O Sr. Nebril López di: Seleccionalo é moi difícil, a xente non o fai. É a conciencia de cada un, nin no campo de fútbol, ni calquera asociación.

O Sr. Alcalde di: É unha forma de falar e tratar un asunto. Xulio, tes algo máis?

O Sr. Cribeiro García di: Si, pero o que pasa que case empezo a ter medo porque quédanme dúas preguntas e se na primeira xa vou a ser denunciado...

O Sr. Alcalde di: E que fas unha acusación un pouco fora de lugar.

O Sr. Cribeiro García di: Non é unha acusación.

O Sr. Alcalde di: Podes volvelo a ler se queres.

O Sr. Cribeiro García di: Estás equivocado.

O Sr. Alcalde di: Non sei, eu escoiteino mal? Non sei se oín mal, están os meus compañeiros aí, se oín mal eu...

O Sr. Rodríguez Arribe di: Eu oín o mesmo ca ti.

O Sr. Cribeiro García di: Xa pasaron os primeiros 100 días do novo goberno de coalición en Cedeira, nós non vemos claro un proxecto de futuro que tire pola economía local. E voulle poñer un exemplo, nunha das tantísimas facturas do Concello hai unha cun importe de 13.046,22 euros pagada a unha empresa de Barcelona, trátase dun proxector. Creemos que deberían ser conscientes que en Cedeira hai empresas que poderían realizar este tipo de encargos, véxase Coloro, Milar, Muebles García, Hugo electricidade ou Cordobelas. Non sei se me queda algunha no tinteiro. Por que presumen tanto de Cedeira se á hora da verdade non apostan polo comercio local? Recordarlles que estas catro empresas venden material audiovisual, televisións, equipos de música, subministracións eléctricas. Se ides gastar 13.046,22 euros, creemos que mellor que os reciba unha empresa de Cedeira e non unha da outra punta de España. “Cedeira presente e futuro”, “o pobo de Cedeira merece máis”, eran os slogans electorais do PSOE e do BNG, pero denotan iso, eran un slogan electoral e non un compromiso real co pobo de Cedeira. E hai máis exemplos.

O Sr. Alcalde di: Co tema do proxector, a verdade que é a primeira aportación que lle vexo que fai nestes plenos que é positiva. Porque se de todas as facturas que hai do Concello de Cedeira, vostede repara nunha que se compra un proxector que se fala co técnico do Concello que nos diga cal é a mellor empresa de España, o mellor sitio que cho faga, pide presupostos para telo, e que sexa unha de fora... Significa que todo o demais traballo que damos a esas empresas que vostede citou que o estamos facendo ben. Se me dixera que hai 250 facturas, diríache, pois ten vostede razón, pero non. Trabállase moitísimo coas empresas locais, por ese lado está moi ben. O de “presente e futuro” que era o noso. Eu non teño que fiscalizar á oposición, pero podo opinar. Tamén lle agradecería que faga propostas en positivo, mocións. Creo que nosoutros na campaña traballamos o mellor posible, non temos a sorte e o Partido Popular non ten a decencia. Non lle chamo indecente, non é a palabra. Retiro a palabra. Non é esa a palabra. Non ten a condescendencia de vir os Conselleiros, a falar co grupo de goberno, para mellorar a vida dos veciños. Iso impórtalle moi pouco a un Conselleiro. O Conselleiro sabes a que ven? Ven a sacar unha foto co candidato do Partido Popular para intentar sacar votos nunhas eleccións. E voulle poñer un exemplo, cando tivemos unha reunión co tema do centro de saúde, despois de moitas reunións, nas cales tampouco o grupo popular nos últimos catro anos, nos que eu estaba en maioría, había ningunha achega en positivo sobre o centro de saúde. Seguimos co tema do centro de saúde e



tivemos unha reunión, unha reunión concertada aquí, que veu Ángel Facio, que vostede coñece perfectamente, e veu un dos técnicos, dos arquitectos do Consello de Sanidade a falar sobre os terreos, sobre as achegas que tiñamos que facer. É curioso, cando a verdade é que foi todo moi cordial e a reunión foi marabillosa, o trato ata ese momento co Conselleiro non tivemos ningún tipo de problema con el, pero unha persoa que estaba alí, e vou citala, que era Carmela e dixo, o Conselleiro non veu, pero xuro que foi sacar unha foto cos do PP, e dixen non creo que agora en plenas eleccións, saben que estamos negociando por un centro de saúde para Cedeira o primordial non sexa vir falar co Alcalde, senón ir falar co candidato do Partido Popular e vir sacar unha foto para vender nos medios. Foi o que fixo, foi verdade. Despois ata me deu pena, tristeza máis que pena, tristeza. Entón eu o que lle digo é que eses Conselleiros que viñeron, que lle prometeron que ían facer, eses baños na piscina, todas esas cousas que ía facer o Partido Popular, si chegara. Ese é o problema da política que temos con esta Xunta que si non gobernan os nosos, non lles damos nada. Non vaia ser que despois no nos volvan a votar. Que traia eses Conselleiros a falar con nós, que os invitamos, que poden vostedes participar nesas reunións, porque se algún día se fai un centro de saúde non e para o señor Moreda, nin para o señor Arribe, nin para o señor Nebril, nin para o señor Xulio Cribeiro, senón é para todos. E se se fai unha nova piscina será para todos - unha proposta que se fixo neste caso no anterior mandato - e así moitísimas cousas. Iso é o que se aporta, iso é o que gaña a política activa, o que gañan os concellos. O que realmente queremos todos e todas. O que quere a xente ao final na rúa, así como é verdade que queren un maior servizo de limpeza, como queren un mellor servizo de instalacións deportivas, mellor prestacións culturais para outras cousas, moitísimas máis cousas que haxa. Pois iso tamén o queremos por parte vosa, e non é fiscalizar. Eu pola miña parte, sería algo que agradecería. Creo que o pobo tamén o agradecería, e non llo digo con ningún reproche de nada. Sei como é a política, vostede chamaría ó Conselleiro, pero realmente vostede ten que saber que ese día o Conselleiro de Sanidade, despois dunha reunión no Concello para falar do aumento no centro de saúde, despois de moitísimas reunións, non veña ó Concello para falar con nós e veña para facer unha foto, para montar un paripé político, está un pouco fóra de lugar.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Me permites un segundiño? Podo dicir una cousa?

O Sr. Alcalde di: Si, si.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Di que hai que comprar en Cedeira? Claro que si, xa o facemos. Comprados en Cedeira, Coloro e García.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Como todos. E gánoche ademais nunha prenda.

O Sr. Cribeiro García di: Eu creo que o señor Moreda vostede non se entera. Non se entera de nada porque cada vez que nosoutros lle dicimos algo son as propostas en positivo. Nosoutros se falamos do tema do lixo, creemos que se debe mellorar. Mire, vostede intenta botar a culpa sempre ós demais. É que vostede que leva xa, oito anos gobernado?

O Sr. Alcalde di: Hai catro meses.

O Sr. Cribeiro García di: Catro meses? Vostede é o responsable máximo. Non bote a culpa a outra xente e volve a falar do pasado.

O Sr. Alcalde di: Que culpa estou botando? Estamos no turno de rogos e preguntas, vostede fixo unha pregunta e eu contesteille, contesteille co tema de facer propostas en positivo. Vostede non cree que unha resposta en positivo é dicirlle que o Partido Popular participe na redacción dos pregos do servizo de limpeza cando realmente nós, con nove Concelleiros, o poderíamos facer?



O Sr. Cribeiro García di: Pero é un concello, señor Moreda.

O Sr. Alcalde di: Non, non. Déixeme rematar. Iso non é unha contestación en positivo? Non lle estou dicindo que estou botando a culpa a ninguén de nada. Agora, o que si estou dicindo é que hai achegas que poderían haber feito, que se pode traballar dende a oposición e logo fiscalizar, que se pode traballar en positivo, pero cada un traballa como quere, está claro.

O Sr. Cribeiro García di: Nós estamos dispostos a colaborar, xa o dixemos dende o principio, pero creemos que existen unha serie de prioridades básicas que deben ser asumidas, pero xa. Non se pode andar botando a culpa ós demais ou con evasivas. Vostede é o responsable e o seu grupo político, se quere que lle fale do pasado, de que non se fixera unha piscina en Cedeira cando xa estaba contratada. Vostede, cos seus vaivéns, xa o traerei porque é digno de estudio os vaivéns que tivo vostede co tema do Centro de saúde. Vostede deberíase alegrar de que un simple cidadán, que eu non era absolutamente nada, nin sequera era Concelleiro, de que viñesen, independentemente das cuestións políticas, a Cedeira a Conselleira de Servizos Sociais, a Conselleira de Infraestruturas, o Conselleiro de Sanidade, 5 ou 6 Conselleiros para intentar mellorar. Vostede nin sequera é capaz de dicir, escoita Xulio se queres xuntámonos e temos reunións cos distintos Conselleiros para intentar sacar e desatascar estes temas. Nosoutros estamos dispostos a colaborar sempre por Cedeira, sempre. E polo Centro de saúde, en primeiro lugar, pola piscina, pola estrada. Voulle dicir, vostede quixo exercer de profesor por unhas palabras que eu dixen, e vostede na primeira, na cuarta pregunta xa empeza a empregar a palabra decencia. Eu estoulle dicindo estas cousas sen ningunha acritude, non o tome a nivel persoal. Estoullas comentando porque me interesa que Cedeira tire para diante, sen máis. Ó mellor o proxector se se comprase en Cedeira en vez de 13.046,22 euros, podíalle saírle o Concello en 12.039,50 euros. Puido aforrar o Concello nun só produto 1.000 euros e non lle vou falar das facturas.

O Sr. Alcalde di: Iso e demagogia, Xulio, dicir iso agora. Tamén puido saír en 18.000 ou en 10.000. Iso é demagogia.

O Sr. Cribeiro García di: Vostede compra, calquera persoa, calquera cidadán na súa casa que vai comprar unhas patacas vai o supermercado que lle sae máis barato ou cando vai comprar uns espárragos.

A Sra. Pernas Díaz di: O de proximidade normalmente, aínda que lle saía un pouco máis caro.

O Sr. Alcalde di: Mira, Xulio, para rematar este asunto, creo que no momento en que dixen aquela palabra a retirei, e cando falo eu non falo con acritude. Foi vostede o primeiro que fixo unha afirmación falsa e aínda non a retirou, na primeira pregunta que fai, e sigo esperando. Tocou tres temas importantes, e xa que non son debates que veñan no punto da orde do día.

O Sr. Cribeiro García di: Quere que lle diga a palabra? Díxenlle pónase a traballar, señor Alcalde, e non sexa condescendente coa empresa.

O Sr. Alcalde di: Non, non, cando falou dun traballador.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Pero non foi nesa etapa, foi na anterior.

O Sr. Alcalde di: Foi a primeira afirmación, que contrataba eu quen me daba a gana, que falaba vostede do paro que había en Cedeira, dixo que a unha persoa a metera eu a traballar directamente.

O Sr. Cribeiro García di: Non, non, eu non dixen semellante afirmación, eu non dixen iso. Diso nada, aínda encima vanme a tratar de parvo? Burro si, pero parvo non.



O Sr. Alcalde di: Mirarémolo na acta, pódese rectificar a acta. Vostede tocou tres temas, ninguén de nós, ninguén dos que estamos aquí creo que fala de tonterías, nin somos parvos, vostede sabe perfectamente que veñan cinco Conselleiros a Cedeira e que non falen coa máxima autoridade do pobo, que é o Alcalde, é un pouco feo.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Estabas en funcións.

O Sr. Alcalde di: Iso é igual, se estás en funcións es o Alcalde.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Estábamos en eleccións.

O Sr. Alcalde di: O que estábamos era en campaña.

O Sr. Rodríguez Arribe di: É máis grave, que estábamos en campaña electoral.

O Sr. Alcalde di: Por iso viñeron. E alégrome que veñan a falar con vostede, pero vostede sabe por que viñeron, viñeron para vender, para facer promesas de falsos profetas.

O Sr. Cribeiro García di: Xa lle traerei no próximo Pleno un relatorio.

O Sr. Alcalde di: Voulle falar do Centro de saúde, seguimos única e exclusivamente os pasos que nos marcaron dende a Consellería, única e exclusivamente. Se algún día quere, sentamos ó Conselleiro diante, ós técnicos da Consellería, ó señor Ángel Facio e á xente de Costas, e os poñemos aí, e ven vostede, quen queira estar, e falamos deste asunto a ver si é verdade ou non, se seguimos ese relato. Segundo, falou vostede da estrada, a estrada nos últimos 30 anos ben sabe vostede quen estaba no goberno cando se fixo a ampliación da estrada entre Cedeira e Valdoviño e quen a pelexou. A piscina, non sei se sabe que no anterior goberno, con maioría absoluta e para sacar suspicacias políticas, o grupo de goberno presentou unha proposta ó Pleno para que a Xunta de Galicia cofinanciase cunha terceira parte o custe da piscina de 25 metros para o Concello de Cedeira do cor do Partido Popular. Unha solicitude á Deputación da Coruña para que cofinanciase cunha terceira parte, para que aportase, para financiar esa piscina, Bloque e Partido Socialista, e outra terceira parte ao Concello de Cedeira, Partido Socialista. Se vostede habendo presentado esa moción, esa proposta, me esta dicindo que se a piscina que se a queremos e que non sei que, traia ó Conselleiro. Vostedes están de acordo, votaron a favor daquela proposta, porque a proposta non foi política, foi unha proposta para dicirle a todos, por favor, implíquense no Concello de Cedeira. Que máis quere? Supoño que non o sabía, non ten por que sabelo, non lería as actas porque non estaba na Corporación e non o sabería, pero é unha realidade.

O Sr. Cribeiro García di: É certo que había un proxecto de piscina e que eu vino o outro día nunha estantería. Vostede leva oito anos, aquí había un proxecto dunha piscina, contratada, adxudicada, habíanse empezado obras.

O Sr. Alcalde di: Pero de cando me fala vostede?

O Sr. Cribeiro García di: De cando vostede gobernaba co señor Tobío.

O Sr. Alcalde di: Eu estou falando de hai catro meses, non fai dezasete anos. Estamos falando de presente, o Centro de saúde e a piscina é presente.

O Sr. Cribeiro García di: A piscina tena que mover vostede que é o Alcalde, vostede ten que mover a piscina, non me diga a min que vostede non ten que mover a piscina, señor Moreda.



O Sr. Alcalde di: Por iso mesmo.

O Sr. Cribeiro García di: Quere que lle diga eu que nun pobo de 1.300 habitantes, ó final eu téñome que levantar, e dicir, o que eu fixen, nun pobo de 1.300 habitantes eu fixen unha piscina de 50 metros.

O Sr. Alcalde di: Olímpica?

O Sr. Cribeiro García di: De 25 metros, perdón.

O Sr. Alcalde di: Cuberta? Sabe que? Vostede mesmo dixu antes que ía contribuír en positivo, agora como hai esa proposta xa lle parece mal, parécelle mal facer a piscina?

O Sr. Cribeiro García di: A min paréce-me ben.

O Sr. Alcalde di: Eu recordo cando o candidato do Partido Popular á Presidencia do Goberno, cando era Conselleiro de Infraestruturas presentou aquí, neste salón de Plenos, o Porto deportivo, non sei se estabades algún de vós? Presentou aquí, non sei se foi no ano 2005 ou 2006, tres proxectos para facer a piscina, perdón, o Porto deportivo en Cedeira. Ese día viña de poñer a primeira pedra da autovía en Ribadeo do tren que entraba en Galicia dende Asturias e veu pola costa e tardou case tres horas, e dixu non pode ser que dende Ribadeo a Cedeira se tarde case tres horas pola costa, dixu a vía de alta capacidade vai a ser unha realidade. Isto no 2005 - 2006 que era Conselleiro e aquí presentou o Porto deportivo de Cedeira, estaba na Xunta.

O Sr. Cribeiro García di: O señor Touriño tamén estivo polo asunto da vía de alta capacidade e non lle vou a falar do señor Alberto Núñez, sabe a miña idea, porque eu naquel momento estaba como Alcalde de Moeche e eu fun dos que lle dicía persoalmente que a vía de alta capacidade debíase facer.

O Sr. Alcalde di: Estasme dando a razón.

O Sr. Cribeiro García di: Touriño, Touriño, que facía Touriño? Nada. A señora ministra de transportes falando do Plan Galicia de merda, pero non vamos a falar diso. A min non me interesa absolutamente nada diso, señor Moreda.

O Sr. Alcalde di: Pero fállolle do tema da piscina de que vostede pode chamar ó Conselleiro que hai unha proposta aprobada polo seu grupo para ter unha reunión e intentar conseguir esa terceira parte e vostede me está dicindo que non.

O Sr. Cribeiro García di: Señor Moreda, eu no son o que goberna.

O Sr. Alcalde di: Pois vale, xa está. Se vostede non está interesado en que sexa só o grupo de goberno quen leve ese asunto, xa está, non pasa nada, non necesitamos... que conste en “acta visual” que se se fai a piscina ou se vai pelexar pola piscina vai ser pola parte nosa, que pola outra parte non hai interese de axudar non de que se faga.

O Sr. Cribeiro García di: O señor Moreda é o que ten que encabezar todo tipo de xestións para realizar no Concello de Cedeira. No tema da piscina, o señor Moreda tamén ten que encabezar ese tipo de xestións. Nós, se o señor Moreda nos pide que colaboremos neste tipo de actuacións, nós seremos os primeiros en mover este tema, non vostede, señor Moreda.



O Sr. Alcalde di: Se estivera en Cedeira, en contacto cos antigos compañeiros seus de grupo e lle dixeran que houbo esa proposta por parte do grupo de goberno para facer unha piscina, xa estaba. Vostede sabería que somos nosoutros quen o movíamos. Acábame de dicir hai cinco minutos que non e agora que si. Está ben que haxa unha cámara.

O Sr. Cribreiro García di: Xa lle dixen que non son parvo, señor Moreda. Xa sei dese tipo de tema de propostas, teño coñecemento. Nós seremos os primeiros en mover este tema.

O Sr. Alcalde di: Agradézollo moito. Cando vostede estea disposto para poñerse en contacto co Conselleiro para solicitar unha cita con el e vamos os portavoces dos tres grupos a falar co Conselleiro correspondente para que haxa posibilidade de que cofinancie cunha terceira parte, tal como se aprobou no mandato anterior cunha moción entre os tres partidos que formabamos a Corporación municipal.

O Sr. Cribreiro García di: Non o necesito a vostede para transmitirlo.

O Sr. Alcalde di: As outras eleccións son dentro de tres anos e medio, co cal se ten que esperar que os Conselleiros veñan antes, eu era por iso.

O Sr. Cribreiro García di: Son capaz de facelo só e traelos en calquera momento. Veñen en calquera momento.

O Sr. Alcalde di: Perfecto.

A Sra. López Rodríguez di: E a nosoutros cando foi o problema do instituto, non viñeron nin nos atenderon, e o pedimos e o solicitamos.

O Sr. Cribreiro García di: Se lles falo eu dos desplantes da Xunta do goberno bipartito do señor Touriño e o señor Anxo Quintana.

O Sr. Alcalde di: Gustáronlle? Non lle gustaron. Pois se non lle gustaban, a nós cremos que estabamos na mesma tesitura.

O Sr. Cribreiro García di: Iso é unha opinión persoal miña.

O Sr. Alcalde di: A nós tampouco nos gustan os desplantes, para min é un desplante. Se ti es Alcalde de Moeche e ven un Conselleiro a falar co candidato do BNG ou co candidato do PSOE, sendo ti o Alcalde, non é un desplante?

O Sr. Cribreiro García di: Pero se desplantes fíxoos o PSOE cando gobernaba.

O Sr. Alcalde di: Non digo que non. Se me pos ese mesmo exemplo voute dicir é un desplante. Se che ven un Conselleiro do PSOE a Moeche, sendo ti o Alcalde, e non te foi ver, eu dígoo aquí, é un desplante. É un desplante ó Alcalde, é un desplante ó pobo. Estou falando agora de Cedeira, pero eu recoñezo que é un desplante.

O Sr. Cribreiro García di: Eu non sei as petición que vostede lle fai directamente ó Conselleiro, descoñézoas, pero eu sei as miñas. Cando lle fago unha petición ó mellor respóndeme ou ó mellor non, neste caso responderon.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Hai cousas que son evidentes. Ti es dun partido que estades gobernando na Xunta e tes máis posibilidades de chegar ós Conselleiros. O que di é que se tes posibilidades de chegar



ós Conselleiros cando nós imos intentar facer unha obra que ti botes unha man tamén, porque ti estás representado a xente de Cedeira, a todos.

O Sr. Alcalde di: Iso é o bonito que temos aquí, que representamos a todos.

O Sr. Rodríguez Arribe di: E neste caso, fóra de Cedeira, estamos todos no mesmo carro.

O Sr. Alcalde di: Algo máis?

O Sr. Cribeiro García di: Respecto ó tema das beirarrúas, non sei se o grupo de goberno en coalición é realmente consciente de que hai algún tramo de 30 metros no que hai ata catorce plaquetas rotas. É evidente que as deficiencias son máis que notorias. Nosoutros rogamos que insten á empresa que as colocou para que repoñan, xa que as obras son recentes e deben estar en garantía.

O Sr. Alcalde di: Onde é? Para que conste en acta.

O Sr. Cribeiro García di: Xa llo direi persoalmente. E, por certo, mire que hai empresas, outra vez volvemos ó tema anterior, empresas de construción en Cedeira, non pensan dende a coalición PSOE-BNG que este tipo de obras poderían concederse a empresas locais deixando os cartos na vila? E, por favor, busquen un material que nuns meses non de unha sensación de suciedade porque as actuais beirarrúas creemos que non foron unha boa inversión. E engadido ó tema das beirarrúas, o que nos parece unha vergoña é a supresión de aparcamentos na estrada que vai a Ortigueira. Creemos que é un gasto innecesario, todo o que se fixo accedendo á estrada cando se podían poñer os báculos na beirarrúa. A nosoutros parécenos unha tremenda pifiada e unha trapallada e síntoo na alma telo que dicir. E, por certo, unha empresa que veu traballar a Cedeira é do fillo do Alcalde de San Sadurniño.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Ah, pois non sei.

O Sr. Alcalde di: Creo que estamos confundindo moitas cousas e creo que tamén está ben aclaralas. Primeiro, co tema das beirarrúas, cando entramos no goberno se había unha cousa que non me gustaba era unha cousa que pasaba antigamente; gobernaba un pintaba de branco, gobernaba outro pintaba de azul, gobernaba outro volvía a pintar de branco, gobernaba outro volvía a pintar de azul. Pasaba no Palacete, todos nos acordamos que se cambian os cores dependendo da cor política. Cando se elixe o tipo de plaqueta que se pon, o modelo de plaqueta, se pon un modelo de plaqueta nun espazo que se fixo, creo que no 2013 - 2014, agora non estou seguro. Foi na época en que estaba Leopoldo de Alcalde, que se eliminaron os aparcamentos diante do Santander, que se ampliou a beirarrúa e quedou estupendamente e se puxeron ese tipo de plaquetas. E déuselle continuidade a esa plaqueta, se te fixas, a ese mesmo modelo de plaqueta. Despois, a Lei de Contratos do Estado, señor Cribeiro, sabe perfectamente que os contratos maiores a unha cantidade de diñeiro téñense que publicar na Plataforma de contratos do Estado, non se licitan con tres orzamentos. Estamos falando deste último contrato que era de douscentos e pico mil euros. E a empresa á que se refire, esa empresa non é contratada polo Concello de Cedeira, houbo un concurso público, unha adxudicación e a empresa adxudicataria contrataría a esa empresa, como puido haber contratado a outra, pero non hai ningunha relación contractual. Sería completamente legal se fóra un contrato menor pedindo tres orzamentos, pero estamos falando dunha contratación que vai á Plataforma de contratos do Estado, non é unha adxudicación directa.

O Sr. Cribeiro García di: Evidentemente. Eu, en principio, non detectei ningunha deficiencia das que vostede acaba de nomear ó redor do Banco de Santander. Están en bo estado, pero claro as que se poñen hoxe en día non deben de ser da mesma calidade que as anteriores, é que non son da mesma calidade. Por fóra poden parecer exactamente iguais, pero xa lle digo nun traxecto de 30 metros,



estoulle nomeando uns dos moitos que hai, nun traxecto de 30 metros hai catorce rotas. A calidade non é a mesma.

O Sr. Alcalde di: Depende de por que romperon. Se romperon porque romperon por si solas, está claro que algo falla. Outra cousa é que aparcaran coches ou pasaran camións que soen pasar moitas veces que están aparcados encimas das beirarrúas. Pero hai unha cousa tamén, non existen marcas, existen tipos de modelos concretos que con características se poden poñer, pero non se pode poñer nun contrato unha marca porque está terminantemente prohibido poñer unha marca. Se hai plaquetas que están en mal estado, se están rotas e son das que se acaban de poñer e teñen garantía, sen dúbida que se lle mandaría á empresa que as repoña, que a amañe, está claro.

O Sr. Cribeiro García di: Están rotas. Sinceramente, están rotas. Eu faría un rogo, a veces é necesario pedir opinións a determinados tipos de persoas que saben da súa profesión, que son especialistas da súa profesión. Se vostede quere facer algo que teña relación co urbanismo, pode incluso pedir opinión de algún paisaxista ou algún especialista en chans. Plaquetas esbrancuxadas é mellor que o granito, é moi bonito, pero se vostede fala con un paisaxista diralle: mire, claro que é moi bonito, tamén é caro. Diralle, se vostede quere poñer, se é unha persoa que cree no seu traballo, diralle: mire, voulle ensinar un sitio onde está posto o granito nas beirarrúas e, logo, vostede opine se quere granito ou outro tipo de material. E no caso das plaquetas isto está pasando exactamente o mesmo, son dun color tan esbrancuxado que co paso do tempo dan unha sensación de suciedade, que tamén rogaríamos que se hai algunha hidrolavadora que se lle pase unha o dúas veces ó ano, que se limpara. O granito é moi bonito, pero cando a xente empeza a tirar chicles, que non serían os de Cedeira do campo de fútbol, cando calquera persoa tira chicles queda aí e esas manchas son case imposibles de sacar, cousa que con outro material que non sea granito se pode poñer. Eu, nosoutros, rogaríamos tamén que se limpen as beirarrúas porque hai algunhas que teñen un aspecto feo.

O Sr. Alcalde di: Quedoume unha cousa no tinteiro de antes que vostede comentaba do tema das beirarrúas de que se poñan os báculos; nunha liña de beirarrúa van os báculos encima da beirarrúa e noutra non porque van as acometidas de auga e non se puideron poñer alí, por iso tiveron que poñerse fóra. E neste caso, o máis importante é o fin que é iluminar a rúa da avenida da Area coa avenida Castela que aparece a rúa dun pobre. Co tema das plaquetas, está claro que canto máis bonita máis cara, canto máis caro menos se pon. Eu creo que o problema que temos non é só das que se están poñendo novas, senón moitas das que hai colocadas de antes. Temos o paseo marítimo, temos a calle Ortigueira, onde hai árbores que están na beirarrúa, daquela se poñían árbores na beirarrúa. Creo que xa nas grandes cidades non se soen poñer así, poñense no que é a propia rúa en si, son as que realmente levantan as plaquetas, esas igual teñen máis urxencia. Si que se utiliza a hidrolimpadora para limpar, pero ultimamente co tema da seca non é recomendable nin se debe de facer, pero si que tamén vai, precisamente unhas das cousas que van nos novos pregos de limpeza, é que a empresa de limpeza se faga cargo da limpeza das beirarrúas porque é necesario, chicles e moitas cousas que se van pegando. E claro, é o de sempre, hai que equilibrar, ter un equilibrio entre os investimentos que fan, o custe que ten e ata onde podemos chegar. Agora vanse cambiar as beirarrúas aí, na Ponte Nova, e vanse poñer de granito. Por que? Porque as outras da Ponte Vella están de granito. Sacáronse os báculos que entorpecían para que puidese pasar unha persoa con cadeira de rodas e se meteron por fóra das pontes, pero claro, poñer ese granito en toda a avenida Castela quedaría precioso. Cantos anos nos levaría? Tampouco podemos, nosoutros temos 350.000 mil euros ó ano que nos poden vir do POS para facer investimentos, pero non só en Cedeira, senón en todas as parroquias, saneamento, moitísimas máis cousas, abastecemento de auga e todas as demandas e carencias que poida haber. Si que é verdade que todo é mellorable.

O Sr. Cribeiro García di: No caso das beirarrúas, ás veces é mellor non facer beirarrúas, máis económico todo a un mesmo nivel.



O Sr. Alcalde di: Tamén.

O Sr. Cribeiro García di: Evitas barreiras arquitectónicas.

O Sr. Alcalde di: Pero aí deberíamos ter rúas máis anchas.

O Sr. Cribeiro García di: Pódense facer exactamente igual.

O Sr. Alcalde di: Non, non o digo porque non se poidan facer, dígo polo perigosidade.

O Sr. Cribeiro García di: Hai exemplos cerca da comarca que se poden ver.

O Sr. Alcalde di: Vimos en As Pontes, na avenida principal, rúas, pero é o que lle quero dicir, nunha beirarrúa de 80 centímetros que vai a aparcas un coche a nivel, son 80 centímetros. En moitos sitios o que fan é que poñen unhas xardineiras para non encher de bolardos. As xardineiras teñen 40-45 centímetros de ancho. Témosto falado creo fóra para probar nunha rúa, Saiñas, nesa, falábase de eliminar esas beirarrúas e poñelas a nivel. Eu son un defensor diso, creo que o que se debería facer, o que pasa é que temos moitas beirarrúas, o que se está facendo é aumentalas porque son ridículas, Xulio, ridículas.

O Sr. Cribeiro García di: Eu pensaríao e o grupo de goberno que o valore. A eliminación de beirarrúas, hoxe hai unha serie de mecanismos onde os coches non invadirían a parte peonil e afórrase moitísimos cartos. Non habería que comprar plaquetas, non habería que comprar portillos.

O Sr. Alcalde di: Plaqueta leva.

O Sr. Cribeiro García di: Non, non.

O Sr. Alcalde di: Si, si. Se non leva na plaqueta vai formigón impreso, pero o formigón impreso tamén rebenta, quero dicir, todo ten final, algo ten que levar. Eu so coñezo un país onde se fai iso que vostede está dicindo, faise con aglomerado, que é Suiza. En Suiza si que se fai con aglomerado, todas as rúas van en aglomerado, pero en España ou van en formigón impreso ou van con zonas de adoquines. A min que leven unha plaqueta bonita, cun custe tal e vaian a nivel de rúa, paréceme fantástico tamén. Non vai ser obxección miña, nese caso.

A Sra. López Rodríguez di: Na rúa Amor Hermoso non hai beirarrúas, vale? Polo lado dereito...

O Sr. Alcalde di: Pasando a capilla.

A Sra. López Rodríguez di: Pasando a capilla, por diante da miña casa, están ata o medio da Area, polo lado dereito hai uns bolardos, menos mal se puxeron, porque non era capaz daquela entrar as cadeiras de rodas, nin nada, porque os coches aparcaban pegados e nos pasou varias veces. No lado esquerdo, oxalá me equivoque, vai haber unha desgracia un día porque os coches, ti saes da casa de calquera dos veciños que viven no lado esquerdo e saes á rúa e os coches pasan pegados. Unha señora sae cun carriño e haina. A miña veciña sae co carriño e levan ó carriño, á señora e todo. As miñas veciñas de máis adiante son dúas nenas, abren a porta, saen e ti non ves. Alí é, pasan a destaxo, quero dicir alí a velocidade cero. As rúas sen beirarrúas si, moi bonitas, pero non temos a capacidade, a anchura das rúas para poder facer iso. Aparcan os coches ó lado e o coche pasa pegado e que che leva.



O Sr. Alcalde di: Este foi un debate, se queredes vémolos, pechamos a orde e damos por finalizado o Pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 21:53 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ